

OFERTA DE OCIO HOY

RIANXO

Fiesta hortera

22.00 Horas El colectivo An-trosposinos pone esta noite el broche de oro al carnaval con una fiesta hortera.

RIBEIRA

Charla de talasonimia

20.30 Horas Xosé Lois Vilar Pedreira ofrece una conferencia sobre talasonimia baixo el título *Os nomes do mar*. Estará tamén Xosé Enrique Costas.



NOIA

Rally París-Dakar

22.00 Horas Noia da cabida a la edición número 29 del Rally París-Dakar. Los concursantes se repartirán máis de seis mil euros en galardones.

A POBRA

Desfile de carnaval

17.30 Horas El desfile y el concurso de disfraces y carrozas pospuesto el martes en A Pobra se celebrará esta tarde.

BOIRO

Exposición de ropa

21.00 Horas La diseñadora boirense Eva Outeiral muestra una selección de sus últimos traballos en el centro social.

FARMACIAS DE GUARDIA

| | | |
|--------------------------|-------------|--|
| RIBEIRA | | |
| Galicia, 40 (San Mamede) | 981 871 070 | |
| BOIRO | | |
| Cespón | 981 862 634 | |
| NOIA | | |
| A Fanequeira, 7 | 981 820 073 | |
| OUTES | | |
| Avenida Fisterra, 3 | 981 850 114 | |
| MUROS | | |
| Avenida Castelao, 119 | 981 762 034 | |
| MAZARICOS | | |
| Pino de Val | 981 856 263 | |
| CARNOTA | | |
| Carrasqueira, 31 | 981 857 031 | |
| PORTO DO SON | | |
| O Cruceiro (Xuño) | 981 769 157 | |
| A POBRA | | |
| Díaz de Rábago, 1 | 981 830 430 | |
| RIANXO | | |
| Campo de Pazos | 981 861 854 | |



Unha das iniciativas postas en marcha pola rianxeira é o Día da Tapa. SIMÓN BALVÍS

MARÍA CALVO TARRÍO COORDINADORA DO PROXECTO ECOMAR

«A idea é que mariñeiros e hostaleiros camiñen da man»

Tenta establecer liñas de colaboración entre os dous sectores

M. X. BLANCO

RIBEIRA / LA VOZ

Hai uns meses púxose en marcha na vila rianxeira o proxecto Ecomar, que pretende servir de estímulo para que pescadores e hostaleiros camiñen da man. No marco deste programa, este fin de semana volverá a desenvolverse o Día da Tapa, nesta ocasión dedicado ao chopo. Da coordinación deste ambicioso plan encárgase María Calvo, xerente da empresa Arenaria.

—¿Con que finalidade se puxo en marcha Ecomar?

—O proxecto nace coa idea de establecer unha liña de colaboración entre o sector do mar e o hostaleiro con fin de beneficiar á localidade rianxeira no seu conxunto. A idea é que os hostaleiros merquen directamente aos mariñeiros locais para que ofrezan produtos de calidade e a bo prezo.

—Neste segundo fin de semana de tapeo son vinte os establecementos adheridos, ¿como valor a iniciativa?

—A valoración é moi positiva. O formato é válido para o que se pretende conseguir, pero penso que vai ser bo o feito de que a iniciativa teña continuidade ata maio, coa exaltación de produtos diversos e cun sorteo de agasallos. Penso que isto vai servir de reforzo, porque me da a im-

presión de que estes profesionais, en xeral, non están afeitos a traballar en común e, algúns, podería dar algo máis de si.

—¿Falla entón a iniciativa dos participantes?

—De todos non. Hai establecementos que incluso están facendo propostas. Algunhas delas é moi probable que se leven a cabo. Falaron, por exemplo, de organizar cursos nos propios establecementos e tamén xornadas para dar a coñecer algún produto novedoso no que están a traballar.

—Pero, o proxecto ten data de caducidade, ¿non?

—Si, o proxecto arrancou en outubro do ano pasado e terá con-

«Vai ser bo o feito de que a iniciativa teña continuidade ata o vindeiro mes de maio»

«Hai unha parte divulgativa, que se está levando a cabo cos centros educativos»

tinuidade ata o vindeiro mes de maio, pero a idea é que mariñeiros e hostaleiros camiñen da man tamén no futuro. Co proxecto Ecomar preténdese sentar as bases e amosarlle aos sectores implicados a ruta a seguir.

—¿Que criterios se seguiron á hora de elixir as especies a exaltar no Día da Tapa?

—A elección das especies fíxose entre os hostaleiros e a organización do proxecto e está realizada tendo en conta as vedas das especies. O obxectivo é insistir na necesidade de evitar ofrecerlle aos clientes especies no período en que non está permitida a súa captura.

—¿Que outras actividades conforman o proxecto Ecomar?

—Hai unha parte de carácter divulgativo, que se está levando a cabo cos centros educativos, e outra formativa, que estamos a desenvolver coas mariscadoras e cos mariñeiros. No primeiro caso, foron as produtoras as que nos pediron unha charla sobre a diversificación do traballo.

—E cos mariñeiros, ¿que se está a facer?

—Os pescadores tiveron xornadas sobre a contaminación e sobre as tallas mínimas. Tamén teñen solicitada unha xornada sobre a pesca en zonas protexidas. A maiores, cada mes hai un acto aberto ao público.

A CARABINA

¿Por que outra vez a O.P.?

Porque, se as etapas non se cobren, os ciclos nunca se cerran. Mais, se o fin é necesario, sen que se poida evitar, todo é un volver a empezar. E a historia non se repite, senón que nunca se acaba. Polo demais, os logros circunstanciais dependen do para quen. Se alguén gana, alguén terá que pagar. Sen embargo, entre o ben e a desgraza, hai alguén que sempre gana. Entre a familia e o defunto, o cura e o enterrador.

Ambrosio Casenada

Polo ano 86, no seo da confraría de Noia, se mal non chegou a ser nacida, foi concibida unha O.P. de mariscadores. Os confrades promotores e, sobre todo, a dirección dos cabildos daquel tempo sabían que, a consecuencia da entrada na Comunidade Europea, á confraría non lle quedaría outra que pórse ao día, modernizándose. Por ser un ente institucional, corporativo e feudal, non democrático, e dicir obsoleto e caducado, mais aínda, por ser de carácter público, sen funcións de lucro, ao servizo, pero en protección, da administración galega, quedaría, por ende, inhabilitada por lei para negociar libremente nos mercados do capital europeo. Certo é que a confraría era institución de base, pero tamén o era que a O.P. a desprazaría en poder, en canto que se asentara, autónoma e gradualmente, tal como estaba previsto, como soberana principal da produción e comercio do marisco procedente, sen embargo, das autorizacións das que era e aínda é titular a confraría. Foi esta contradición, ou mellor, as ambicións conscientes e persoais, que se alimentaron da meirande parte dela para frustrar a saída, quen imposibilitaron o parto e, por tanto, que os soños de independencia daquela O.P. chegaran nin a estrearse.

Hoxe, sen alternativa, a confraría de Noia non entrará, nin sequera, no reparto dos seus bancos de marisco. Con vistas a negocios, sábese a ciencia certa que non, se non é mediante O.P. —se aínda se está a tempo—, polas razóns anteditas. Témo-lo exemplo das Caixas: Tanto acumular Aforros ... ¡Para que os levasen outros e deixarnos nin coa caixa nin co santol.